



camiño  
escena  
norte

camín  
escena  
norte

camino  
escena  
norte

ipar  
eszena  
bidea

**PROXECTO DE INTERCAMBIO CULTURAL POR MEDIO DAS ARTES ESCÉNICAS  
ENTRE GALICIA, ASTURIAS, CANTABRIA, EUSKADI E NAVARRA**

***CAMIÑO ESCENA NORTE 2024***

**Documento explicativo e  
bases de participación**

***CRUZAMENTOS  
ENCRUCES  
CRUCES  
BIDEGURUTZEA***

**Rede de proxectos de intercambio escénico, artístico e profesional**

PROMOVE / PROMUEVE / SUSTATZAILEAK:



[www.escenanorte.com](http://www.escenanorte.com)





camiño  
escena  
norte

camín  
escena  
norte

camino  
escena  
norte

ipar  
eszena  
bidea

## QUE É A REDE DE PROXECTOS DE INTERCAMBIO ESCÉNICO, ARTÍSTICO E PROFESIONAL CRUZAMENTOS DE CAMIÑO ESCENA NORTE?

**Camiño Escena Norte** é un proxecto de intercambio cultural por medio das artes escénicas que pretende conectar a produción cultural de Galicia, Principado de Asturias, Cantabria, Euskadi e Navarra tomando como referencia e fío condutor as rutas dos Camiños a Santiago de Compostela, trazas que poñen en contacto estes 5 territorios e sobre os que queremos crear un territorio cultural común, cunha relación fluída no intercambio e a relación cultural entre os nosos sectores escénicos que ata o de agora non existía.

**Camiño Escena Norte** é un proxecto promovido polas entidades profesionais de produtoras de artes escénicas **Escena Galega** (Galicia), **EscenAsturias** (Asturias), **Acepae** (Cantabria), **Eskena** (Euskadi) e **Esna** (Navarra), unidas na *supraentidade* **Camiño Escena Norte Agrupación de Interese Económico**, creada especificamente para o desenvolvemento, xestión e produción deste proxecto.

**Camiño Escena Norte** estrutura a súa programación en dous grandes eixos.

Por unha banda, o **Itinerario Constelacións**, columna vertebral do proxecto, é o itinerario de funcións de teatro, danza ou novo circo que configura o eixo central da proposta. Está baseado por suposto no intercambio, as producións dunha das Comunidades xiran por distintos espazos das outras Comunidades implicadas no proxecto.

Doutra banda, o **Camiño Expandido** abrangue todas as actividades que acompañan este trazado de espectáculos e funcións, creando un contexto para a programación nos eidos da participación, a relación cos públicos, a promoción da interculturalidade ou as sinerxías profesionais, con encontros, debates, obradoiros ou a rede de proxectos de intercambio **Cruzamentos**, que cumpre a súa 4ª edición.

**Cruzamentos** é polo tanto unha iniciativa incluída dentro da programación expandida **Camiño Expandido**, consistente nunha convocatoria de proxectos de intercambio

PROMOVE / PROMUEVE / SUSTATZAILLEAK:



[www.escenanorte.com](http://www.escenanorte.com)





camiño  
escena  
norte

camín  
escena  
norte

camino  
escena  
norte

ipar  
eszena  
bidea

escénico, artístico e profesional entre Galicia, Principado de Asturias, Cantabria, Euskadi e Navarra, que pretende conectar o traballo de creadores e creadoras e compañías dos 5 territorios, nos eidos da creación, a investigación escénica, formación, coprodución e en xeral do intercambio profesional no marco deste novo territorio común creado a partir do proxecto.

## INFORMACIÓN XERAL E OBXECTIVOS DA CONVOCATORIA:

Algunhas **claves xerais** desta convocatoria de proxectos son:

1. O orzamento e acompañamento económico máximos por cada proxecto de intercambio será de 9.000 € (impostos incluídos), **Cruzamentos** conta neste 2024 cun orzamento total de 20.000 € (impostos incluídos).
2. A convocatoria **Cruzamentos** está dirixida a facilitar proxectos de intercambio entre compañías produtoras que operen no eido profesional. Non está dirixida por tanto a creadores e creadoras independentes, proxectos culturais (festivais, eventos, etc.) ou outros colectivos que non se axusten a esta tipoloxía de entidade.
3. A selección dos proxectos será levada a cabo por medio dunha comisión mixta que valorará cada unha das candidaturas, na que estará representado o equipo de coordinación de **Camiño Escena Norte**, co seu coordinador como comisionado con voz e voto e a súa coordinadora de produción, con voz pero sen voto e que actuará como secretaria da comisión. As outras 2 persoas integrantes serán profesionais expertas e independentes de recoñecido prestixio no ámbito estatal en proxectos destas características, pero sen relación con **Camiño Escena Norte**.
4. Co obxectivo de explicar os detalles da convocatoria e resolver dúbidas e preguntas das compañías interesadas organizarase unha webinar informativa vía Zoom o luns 18 de marzo de 10.00 a 11.00 h, á que se poderá acceder dende a seguinte ligazón:

<https://us02web.zoom.us/j/88908901991?pwd=ejJPYU5acjBnOS9zZzl6QitCZ2xtQT09>

ID de reunión: 889 0890 1991

Código de acceso: 737667

PROMOVE / PROMUEVE / SUSTATZAILEAK:



[www.escenanorte.com](http://www.escenanorte.com)





camiño  
escena  
norte

camín  
escena  
norte

camino  
escena  
norte

ipar  
eszena  
bidea

En canto **aos criterios** que deben rexer a concepción e desenvolvemento dos proxectos de intercambio en **Cruzamentos**, e que serán os que a comisión de valoración terá en conta á hora da selección, estes son:

1. Interese xeral e fundamentación do proxecto no eido do obxectivo transversal da proposta: o intercambio profesional e artístico.
2. Rigor, claridade e concisión na presentación.
3. Proxección do proxecto en **Cruzamentos** como posibilitador de colaboracións e sinerxías futuras.
4. Adecuación da proposta aos termos xerais propostos, desenvolvemento, marco organizativo e obxectivos da convocatoria.

En canto **aos obxectivos** da convocatoria, estes poden resumirse nos seguintes:

1. Crear unha rede de cooperación entre compañías profesionais de artes escénicas dos 5 territorios do proxecto.
2. Posibilitar o desenvolvemento de proxectos de diversa tipoloxía no eido das artes escénicas profesionais, dende un punto de vista amplo e transversal.
3. Expandir a presenza de **Camiño Escena Norte** máis aló das datas da súa programación oficial nos meses de setembro e outubro de cada ano.
4. Facilitar ás compañías dos 5 territorios de **Camiño Escena Norte** unha nova convocatoria dende a que poder acceder a financiamento dunha forma flexible e compatible con outras convocatorias públicas ou privadas.

## DESENVOLVEMENTO DOS PROXECTOS:

Os proxectos presentados á convocatoria **Cruzamentos** deberán partir dunha compañía dunha das Comunidades de **Camiño Escena Norte** propoñendo o proceso de intercambio a outra ou outras compañías doutra(s) das Comunidades.

PROMOVE / PROMUEVE / SUSTATZAILEAK:



[www.escenanorte.com](http://www.escenanorte.com)





camión  
escena  
norte

camín  
escena  
norte

camino  
escena  
norte

ipar  
eszena  
bidea

As compañías que propoñan o proxecto de intercambio poderán decidir acoller ás súas *partners* dos territorios do proxecto (por exemplo, unha compañía galega convida a unha compañía vasca á estadía en Galicia) ou viaxar a outro dos territorios, ben convidadas ou ben propoñendo o intercambio pero nun territorio diferente ao seu (por exemplo, unha compañía asturiana pode propoñer un proxecto de intercambio na súa propia Comunidade ou propoñer por exemplo a unha compañía navarra a estadía nesa Comunidade). As posibilidades son varias, a condición de que se respecten as condicións, o marco económico e a filosofía da proposta: o intercambio artístico e profesional entre compañías produtoras de Galicia, Principado de Asturias, Cantabria, Euskadi e Navarra.

Será optativo incluír dentro de cada proxecto accións de mediación (encontros co público, mostra de traballo...), que os poñan en contexto co espazo, comunidade ou públicos. A inclusión ou non destas accións de mediación no proxecto de intercambio non determinará a súa elección por parte da comisión, serán as propias compañías as que decidan se son necesarias ou non dentro do proceso proposto.

## CALENDARIO DA CONVOCATORIA E ENTIDADES DESTINATARIAS:

As datas das distintas etapas de desenvolvemento da rede de proxectos de intercambio escénico, artístico e profesional **Cruzamentos** son as seguintes:

### CONVOCATORIA.

**Do luns 4 de marzo ao mércores 3 de abril (14.00 h)**\_Recepción de proxectos por medio do formulario web na pestana correspondente en [www.escenanorte.com](http://www.escenanorte.com)

**Do xoves 4 ao xoves 25 de abril**\_Traballo da comisión de valoración. Revisión dos proxectos presentados e reunión da comisión.

**Luns 29 de abril**\_Envío da resolución aos proxectos rexistrados.

### IMPLEMENTACIÓN.

**Do 29 de abril ao sábado 30 de novembro**\_Os proxectos seleccionados deberán desenvolverse dende o momento da resolución da convocatoria ata o sábado 30 de novembro como data límite.

### PROCESO DE AVALIACIÓN E XUSTIFICACIÓN DE GASTOS.

PROMOVE / PROMUEVE / SUSTATZAILAK:



[www.escenanorte.com](http://www.escenanorte.com)





camiño  
escena  
norte

camín  
escena  
norte

camino  
escena  
norte

ipar  
eszena  
bidea

**Do luns 2 ao luns 23 de decembro**\_Recollida das fichas de avaliación dos proxectos que facilitará a organización ás compañías participantes. Reunión grupal de carácter virtual de valoración das mesmas, para identificar propostas de mellora para edicións vindeiras. Xustificación de gastos e emisión da factura correspondente.

Poderán presentarse á convocatoria de **Cruzamentos** todas as compañías de artes escénicas profesionais con enderezo social nalgunha das 5 Comunidades do proxecto **Camiño Escena Norte** (Galicia, Principado de Asturias, Cantabria, Euskadi e Navarra), e que desenvolvan así mesmo o seu labor profesional habitual nestes territorios.

A convocatoria está aberta por tanto a calquera estrutura escénica profesional galega, asturiana, cántabra, vasca ou navarra, pero haberá unha orde de prevalencia na selección dos proxectos definida polo feito de estar estas asociadas ou non aos colectivos promotores (Escena Galega, EscenAsturias, Acepae, Eskena e Esna), do seguinte xeito:

Proxectos de intercambio entre dúas compañías asociadas.

Proxectos de intercambio entre unha compañía asociada e unha non asociada.

Proxectos de intercambio entre dúas compañías non asociadas.

PROMOVE / PROMUEVE / SUSTATZAILEAK:



[www.escenanorte.com](http://www.escenanorte.com)





camiño  
escena  
norte

camín  
escena  
norte

camino  
escena  
norte

ipar  
eszena  
bidea

## BASES DE PARTICIPACIÓN NA REDE DE PROXECTOS DE INTERCAMBIO ESCÉNICO, ARTÍSTICO E PROFESIONAL *CRUZAMENTOS DE CAMIÑO ESCENA NORTE 2024.*

(LER CON ATENCIÓN ANTES DE ENCHER O FORMULARIO DE PROXECTO)

1. Poderán presentarse á convocatoria de ***Cruzamentos*** todas as compañías de artes escénicas profesionais con enderezo social nalgunha das 5 Comunidades do proxecto ***Camiño Escena Norte*** (Galicia, Principado de Asturias, Cantabria, Euskadi e Navarra), e que desenvolvan así mesmo o seu labor profesional habitual nestes territorios. A convocatoria está aberta por tanto a calquera estrutura escénica profesional galega, asturiana, cántabra, vasca ou navarra, pero haberá unha orde de prevalencia na selección dos proxectos definida polo feito de estar estas asociadas ou non aos colectivos promotores (Escena Galega, EscenAsturias, Acepae, Eskena e Esna), do seguinte xeito:

Proxectos de intercambio entre dúas compañías asociadas.

Proxectos de intercambio entre unha compañía asociada e unha non asociada.

Proxectos de intercambio entre dúas compañías non asociadas.

Terán preferencia así mesmo as compañías que non foran seleccionadas para a programación definitiva do ***Itinerario Constelacións***.

2. A selección dos proxectos será levada a cabo por medio dunha comisión mixta que valorará cada unha das candidaturas, na que estará representado o equipo de coordinación de ***Camiño Escena Norte***, co seu coordinador como comisionado con voz e voto e a súa coordinadora de produción, con voz pero sen voto e que actuará como secretaria da comisión. As outras 2 persoas integrantes serán profesionais expertas e independentes de recoñecido prestixio no ámbito estatal en proxectos destas características, pero sen relación con ***Camiño Escena Norte***.

3. A comisión poderá seleccionar todos os proxectos que considere ata completar o orzamento máximo da convocatoria: 20.000 € (impostos incluídos). Así mesmo, poderá deixarse parte do crédito sen executar, reservando a comisión o dereito a deixar

PROMOVE / PROMUEVE / SUSTATZAILEAK:



[www.escenanorte.com](http://www.escenanorte.com)





camiño  
escena  
norte

camín  
escena  
norte

camino  
escena  
norte

ipar  
eszena  
bidea

deserta parte da convocatoria se non se consideran de calidade suficiente todos os proxectos presentados.

4. Se entre os proxectos presentados houbera iniciativas xa en curso (produccións escénicas, eventos, programacións, etc.) a presentación dos mesmos a **Cruzamentos** deberá estar adaptada ás características e requisitos desta convocatoria de xeito claro e fundamentado.

5. Dende a organización de **Camiño Escena Norte** realizarase un seguimento da implementación e desenvolvemento dos proxectos seleccionados. Calquera modificación nas súas características, actividades, obxectivos ou marco temporal deberá ser informado á organización.

6. As compañías participantes comprométese a realizar unha avaliación / informe do intercambio, segundo o modelo facilitado pola organización. Comprométese ademais a participar nunha xuntanza de traballo posterior, en formato en liña, dirixida á avaliación do desenvolvemento dos proxectos para identificar problemas e implementar posibles melloras en convocatorias vindeiras. Na xuntanza participarán todas as compañías que realizaran proxecto, xunto co equipo de coordinación de **Camiño Escena Norte**.

7. As compañías participantes comprométese a dar difusión ao proxecto e á súa participación no mesmo a través da súa web e RRSS, e tamén a facilitar material (vídeos curtos, fotografías) á organización co fin de publicitar as actividades. Así mesmo, as compañías participantes comprométese a incluír a identidade gráfica de **Camiño Escena Norte** en todo o material de difusión que xere o proxecto.

8. O acompañamento económico para cada un dos proxectos de intercambio será dun máximo de 9.000 € (impostos incluídos) O pagamento do mesmo realizarase despois do desenvolvemento, xustificación e fase de avaliación dos proxectos, sen que se contemple a posibilidade de adianto total ou parcial da cantidade a pagar por parte da organización.

9. A xustificación de gastos realizarase por medio da presentación de orzamento desagregado dos mesmos por conceptos, desagregando bases impositivas + IVE. Calquera desviación sobre o orzamento presentado e aprobado debe ser explicada e fundamentada na xustificación. A organización reserva o dereito á comprobación aleatoria de facturas e xustificantes de pagamento dentro deste orzamento xustificando.

PROMOVE / PROMUEVE / SUSTATZAILEAK:



[www.escenanorte.com](http://www.escenanorte.com)







camiño  
escena  
norte

camín  
escena  
norte

camino  
escena  
norte

ipar  
eszena  
bidea

**10.** A convocatoria de **Cruzamentos** é compatible con calquera outra vía de financiamento público ou privado para os proxectos presentados, incluíndo convocatorias de subvencións de calquera Administración Pública nos ámbitos local, provincial, foral, autonómico e estatal.

**11.** Todas as persoas integrantes dos proxectos seleccionados deberán estar dadas de alta na Seguridade Social durante o período do proxecto de intercambio. Todo o persoal contratado, se o houber, deberá estar dentro dos marcos que establecen os convenios colectivos vixentes en cada Comunidade, así como calquera outra norma imperante a nivel autonómico, foral e/ou estatal que salvagarde o correcto funcionamento das dinámicas sectoriais.

**12.** A organización de **Camiño Escena Norte** reserva o dereito de solicitar ás compañías toda a documentación e información complementarias sexan necesarias para asegurar que todos os proxectos presentados cumpren co establecido nestas bases de participación, tanto no referente ao propio proxecto como á actividade da compañía.

**13.** Para dúbidas ou cuestións sobre a presentación de proxectos as compañías poden dirixirse ao correo electrónico [coordinacion@escenanorte.com](mailto:coordinacion@escenanorte.com) (Diego V. Meizoso, coordinador de **Camiño Escena Norte**). As dúbidas e preguntas serán respondidas nun máximo de 48 horas.

**14.** Participar no proceso de selección para a rede de proxectos de intercambio escénico, artístico e profesional **Cruzamentos** de **Camiño Escena Norte** supón a aceptación destas bases.

**15.** LOPD: En virtude do art. 5 da Lei Orgánica 15/1999, de Protección de Datos de Carácter Persoal (LOPD), e seguindo tamén o Regulamento Europeo de Protección de Datos (RGPD) vixente dende o 25 de maio de 2018, informamos que os seus datos de contacto están sendo tratados coa máxima confidencialidade estando incorporados a un ficheiro de contactos do cal é responsable unicamente a AIE Camiño Escena Norte. Se o desexa poderá exercer en todo momento os dereitos de acceso, cancelación ou oposición, remitindo un correo electrónico ao enderezo [info@escenanorte.com](mailto:info@escenanorte.com)

PROMOVE / PROMUEVE / SUSTATZAILAK:



[www.escenanorte.com](http://www.escenanorte.com)





[www.escenanorte.com](http://www.escenanorte.com)



PROMOVE / PROMUEVE / SUSTATZAILEAK:

